

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|-----------------------|---------------|
| 32001725 | IES Lauro Olmo | O Barco de Valdeorras | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua galega e literatura | 2º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 7 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 27 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 28 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 30 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 30 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 32 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 32 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 34 |
| 7.2. Actividades complementarias | 35 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 36 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 37 |
| 9. Outros apartados | 38 |

1. Introducción

A presente programación didáctica pretende ser unha ferramenta útil para toda a comunidade educativa e asemade persegue como eixe fundamental a mellora do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. É o instrumento de planificación curricular para desenvolver este proceso de xeito coordinado entre os integrantes do departamento.

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

A materia de Lingua Galega e Literatura está englobada dentro do bloque de materias de libre configuración autonómica da LOMLOE e preséntase en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1: “Comunicación oral. escoitar e falar” atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais.

- Bloque 2: “Comunicación escrita. Ler e escribir” ocúpase da comprensión e a produción escrita.

- Bloque 3: “Funcionamento da lingua” integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto.

- Bloque 4: “Lingua e sociedade” céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos.

- Bloque 5: “Educación literaria” asume o obxectivo de facer das alumnas e os alumnos lectoras e lectores competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo da súa vida.

Esta programación é sensible ás circunstancias específicas do noso centro, procurando que se aproxime o máis posible á realidade das aulas. O IES Lauro Olmo é un dos centros de referencia do municipio do Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense. A vila do Barco de Valdeorras constitúe o centro urbano do municipio. Trátase dunha pequena localidade semiurbana de 14 parroquias e 24 núcleos de poboación dispersa que suman preto de 15000 habitantes. O Barco basea a súa economía primaria na explotación de materias primas minerais e agrícolas en especial as vitivinícolas.

A historia do IES Lauro Olmo inicia a súa andaina no ano 1976 no Barco de Valdeorras como instituto de bacharelato ampliando en grande medida a súa oferta académica Actualmente impártense ensinanzas da ESO, do Bacharelato, dos Ciclos Formativos, da Educación Permanente de Adultos, da Formación Profesional Básica e da Escola Oficial de Idiomas.

Recibe alumnado residente da vila do Barco de Valdeorras e dos concellos limítrofes, de aí que haxa unha mestura entre alumnado “urbano” da vila do Barco de Valdeorras, cada vez máis maioritario, e rural. As crises económicas e

sanitarias dos últimos anos, atraeu porén moita poboación inmigrante de países e lugares alleos á xeografía galega. A integración e a convivencia de culturas e linguas convértese, daquela, nun asunto primordial e interesantísimo do centro e en especial do departamento de lingua. Por estes motivos o alumnado do noso instituto goza dunha ampla diversidade.

O contexto lingüístico do centro, o noso alumnado emprega tanto no ámbito familiar coma social é maioritariamente o castelán e menor medida en galego, adoitan presentar actitudes diglósicas e evitan falalo no centro e mesmo presentan prexuízos e rexeitamento cara ao idioma. O nivel de lingua, tanto oral coma escrito, é moi baixo nos cursos inferiores; presentan graves dificultades a nivel léxico, fonético e morfosintáctico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|------|---------|-------|-------|----|---------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

No decreto do 22 de 15 de Setembro de 2022 156/2022 sinala as oito competencias claves dos contidos curriculares, definíndoas como “os desenvolvementos imprescindibles que o alumnado debe incorporar para ter éxito académico, social e laboral, na actualidade e no futuro”. Estas competencias claves teñen a función de dotar ao alumnado das capacidades prácticas, reais e demostradas, estas capacidades son o alicerce para acadar o éxito a nivel profesional e a nivel de interacción social.

Os obxectivos ou descritores defínense como as actuacións concretas de cada unha das competencias clave para a aprendizaxe ao longo da vida, que incorporan os coñecementos, habilidades e actitudes que o alumnado debe adquirir e desenvolver ao final da educación básica. En suma un “saber facer para saber estar”. A área de Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todas as competencias claves en diferente medida mais destacan: .

- A competencia en comunicación lingüística (CCL). Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural. As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfíren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral. Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita con todas as competencias básicas:

- A competencia plurilingüe (CP). Esta competencia da conta de que no mundo actual o dominio de diversos idiomas favorece a integración laboral e tende pontes entre as múltiples diversidades sociais, culturais.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolverla: lectura comprensiva, conversa reflexiva, composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, exposición e conclusións sobre tarefas académicas, interese pola autocorrección, capacidade de auto e coavaliación.

- Competencia emprendedora (CE). A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para acadar unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, localizar a información e fomentar a autoestima lingüística: Obradoiros de escrita, lectura dramatizada de obras literarias, uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal), uso das TIC, uso da Biblioteca, etc.

- Competencia dixital (CD). A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento uso de dicionarios dixitais, uso de correctores ortográficos, uso de enciclopedias virtuais, uso de xornais dixitais, etc.

- Competencias cidadá (CC). Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidade. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo de Lingua moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e representación. As seguintes actividades contribúen a desenvolverla para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo: comentario crítico de distintos tipos de textos, exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, capacidade de diálogo, etc.

- Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC). A lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular: visita a museos, participación en concertos, asistencia a representacións teatrais, proxeccións de filmes e documentais na Sala de Audiovisuais, realización de roteiros literarios etc.

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM). A lingua non se aprende só

para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver o pensamento científico: lectura de mapas, comentario de gráficas, interpretación de estatísticas, etc.

Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de Sociolingüística e Historia da Lingua. Na presente programación aparecen relacionados os obxectivos ou descritores avaliáveis coas competencias claves nos distintos bloques de contido de cada curso.

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Diversas e capaces | Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, nesta primeira unidade traballaremos os seguintes contidos. Léxico: Os sentidos e as sensacións. Estudo dos textos: O texto. Gramática: Os fonemas. Ortografía: A silaba. Lingua e sociedade: O plurilingüismo. Literatura: A literatura. Oralidade: A exposición oral. | 11 | 12 | X | | |
| 2 | Por un mundo máis xusto | Nesta 2ª unidade traballaremos: Léxico: A escola. Estudo dos textos: As propiedades textuais Gramática: A palabra. Ortografía: Casos especiais de acentuación. Lingua e sociedade: As linguas da Península Ibérica. Literatura: Os xéneros literarios. | 11 | 12 | X | | |
| 3 | Saúde, un dereito universal | Nesta 3ª unidade traballaremos: Léxico: Saúde e doenzas Estudo dos textos: As propiedades textuais II Gramática: O substantivo. Ortografía: O acento diacrítico. Lingua e sociedade: O galego e o portugués. Literatura: O teatro | 11 | 11 | X | | |
| 4 | María Casares | Nesta 4ª unidade traballaremos: Léxico: As viaxes. Estudo dos textos: O texto expositivo Gramática: O texto narrativo Ortografía: Os signos de puntuación Literatura: A narración. O conto | 11 | 12 | | X | |
| 5 | Natureza grandiosa | Nesta 5ª unidade traballaremos: Léxico: Árbores e froitos. Estudo dos textos: O texto expositivo. Gramática: O pronome persoal. Ortografía: A maiúscula e a minúscula. Lingua e sociedade: O galego, lingua maioritaria. Literatura: A novela | 12 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Por unha natureza sen plásticos | Nesta 6ª unidade traballaremos: Léxico: A paisaxe mariña. Estudo dos textos: O texto argumentativo. A publicidade. Gramática: O verbo Ortografía: A diéresew Lingua e sociedade: Os prexuízos lingüísticos. Literatura: A poesía. | 11 | 11 | | X | |
| 7 | En acción polo clima | Nesta 2ª unidade traballaremos: Léxico: Estudo dos textos: Gramática: Ortografía: Lingua e sociedade: Literatura: | 11 | 12 | | | X |
| 8 | En rede | Nesta 2ª unidade traballaremos: Léxico: Estudo dos textos: Gramática: Ortografía: Lingua e sociedade: Literatura: | 11 | 12 | | | X |
| 9 | Filtrando publicidade | Nesta 2ª unidade traballaremos: Léxico: Estudo dos textos: Gramática: Ortografía: Lingua e sociedade: Literatura: | 11 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1 | Diversas e capaces | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais | PE | 65 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | Identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adopta unha actitude de respecto e valora a riqueza cultural, lingüística e dialectal. | | |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analiza a interacción entre os diferentes códigos. | TI | 35 |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e sinxelos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 2 | Por un mundo máis xusto | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...). | | |
| CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | Identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos. | | |
| CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustase ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado. | | |
| CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | Adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexiona sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | PE | 90 |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos. | | |
| CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas. | O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe recoñecer as interxeccións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do |

| Contidos |
|---------------------------|
| - propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 3 | Saúde, un dereito universal | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | Identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal. | PE | 63 |
| CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalingüaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística. | | |
| CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada. | Elabora traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada. | | |
| CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Elix e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. Ficha de lectura | | |
| CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas. | O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos. | | |
| CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia. | | |
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica e argumentara interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | | |
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en galego, portugués, castelán, éuscaro, catalán e inglés) e, de ser o caso, tamén nas linguas das/os estudantes de orixe estranxeira (chinés, árabe, ruso...). | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos. | | |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | TI | 37 |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.
- Introducción á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 4 | María Casares | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | | |
Ademais das actividades de lectura vinculadas ós contidos incluídos na programación, cremos que hai que dedicar esforzos específicos, dirixidos a fomentar a o hábito de lectura individual en cada alumno. Para este fin incluimos polo menos tres lecturas obrigatorias en cada un dos cursos sobre as que se realizarán distintas actividades: coloquios, debates, fichas de lectura, recreacións, controis de lectura, etc. Ademais destas lecturas obrigatorias fomentarse que o alumnado poida realizar outras con carácter voluntario, valorándose esta actividade positivamente de cara á avaliación.

En cada avaliación o alumno escollera o libro a ler dunha selección feita previamente polo docente nuns casos e noutros propostas polo propio alumnado. Mais sempre serán escollidas atendendo ós seguintes criterios:

- Obras da literatura galega actual, en especial a dirixida a un público adolescente.
- Obras clásicas da literatura galega.
- Obras da literatura universal foráneas traducidas ao galego.
- Obras que fornece o alumno de educación en valores e contidos transversais do currículo.
- Obras que permiten contextualizar o estudo da literatura das distintas épocas.

Finalmente dedicaremos un esforzo especial ás actividades de lectura dentro da aula, tanto no que respecta á lectura comprensiva coma á lectura expresiva en voz alta. Neste sentido cómpre indicar a participación do Departamento nunha iniciativa que se propuxo dende o equipo directivo, “A hora de ler”; a actividade consiste en que unha vez á semana, en varias materias, entre elas a que nós impartimos, se vai dedicar un cuarto de hora á lectura dun libro elixido polo alumno; durante ese tempo o profesor tamén levará a cabo unha lectura.

Lingua oral

A lingua de uso na aula para a materia de Lingua galega e literatura será sempre o galego. Por tanto, tódalas interaccións do alumnado entre si e co profesor produciranse sempre nesta lingua. Por outra banda é moi importante que na aula se cre un clima de respecto mutuo, colaboración e participación activa que permita a expresión de opinións, ideas, gustos persoais, etc. Outro aspecto relevante en relación coa lingua oral é o manexo de rexistros diferentes, así como o coñecemento, valoración e respecto cara ás distintas variedades do galego. Parece importante que o alumnado poida escoitar testemuñas vivas dos diferentes usos, rexistros e variedades da lingua oral, e para tal fin procuraremos facer uso dos medios audiovisuais e informáticos cos que contamos no instituto.

Lingua escrita

A nosa tarefa neste ámbito ha de buscar, por unha banda, a corrección de aspectos tales como a ortografía, a puntuación, a construción oracional ou a coherencia textual. É importante facer unha corrección constante e sistemática deste tipo de aspectos, e transmitirle ó alumnado que haberá sempre unha atención ós mesmos e á súa avaliación. Convén tamén que o alumnado entenda que unha premisa importante para o manexo correcto da lingua escrita é o hábito de lectura, e que a través dela se van aprendendo e contrastando tódolos aspectos relacionados

cun uso correcto e apropiado da lingua escrita. Tamén se coidará na produción de textos os aspectos de adecuación, coherencia e cohesión ademais da corrección gramatical. A corrección dos textos escritos producidos polo alumnado tratará de forma específica estes aspectos.

Especial mención merece a importancia que ten na elaboración de textos escritos a planificación. O alumno ten que ser consciente de que todo texto ten que ser planificado previamente para que cumpra os requisitos citados no punto anterior; neste sentido fomentárase o uso de borradores e esquemas previos á redacción definitiva como paso imprescindible para a produción de textos escritos. Porén, a nosa tarefa non se pode limitar a isto. Hai que desenvolver a competencia do alumno na composición de textos de diversas intencións e xéneros, así como a súa capacidade para realizarse plenamente como persoa mediante a expresión das súas opinións, dentro dun marco de respecto e estímulo á creatividade persoal. Para lograr isto hai que propor actividades e exercicios relacionados estreitamente coa vida cotiá, os intereses, esixencias e experiencias dos alumnos, dándolle deste xeito ó seu traballo un carácter funcional e deixando claro que expresión escrita non só é un exercicio académico, senón que constitúe unha oportunidade para construír a personalidade individual e social.

Adquisición de léxico

A adquisición dun léxico adecuado é unha acción prioritaria da nosa acción didáctica, de acordo con certos obxectivos e pautas:

- Superación dos estereotipos léxicos propios do ámbito coloquial e vulgar (con especial atención ós castellanismos) e do marco xeográfico. Para isto hai que actuar en varias direccións: valoración das variedades dialectais, rexeitamento de elementos alleos ó galego (castellanismos) e toma de conciencia da necesidade de coñecer e usar en contextos apropiados a norma lingüística culta.

- Adquisición dun léxico variado, rico e preciso.
- Adquisición e manexo da terminoloxía técnico-científica da materia e dos demais ámbitos da vida escolar.

Para a consecución destes fins realizaranse actividades específicas: lecturas de distintos tipos, uso do dicionario, actividades de creación escrita, actividades de intercambio oral, exercicios sobre fenómenos léxicos e semánticos, glosarios das obras de lectura etc.

Gramática

O estudo gramatical realizarase a partir de textos que se traballarán na aula como un medio para chegar ó coñecemento gramatical. Neste sentido intentaremos que os elementos de estudo gramatical estean contextualizados, o que leva consigo que os textos que se utilicen sexan coidadosamente elixidos para cada tema

Literatura

A ensinanza da literatura non pode prescindir dunha perspectiva histórica nin dos contidos relacionados con ela, pero vai máis alá e non pode converterse nunha memorización mecánica de conceptos alongada dun contacto directo cos textos literarios.

Lingua e sociedade

É importante fornecer aos alumnos sobre a situación das linguas cooficiais do estado a súa situación real, os fenómenos das linguas en contactos, o valor enriquecedor lingüístico, social e cultural do plurilingüismo. A nosa materia ten especial relevancia como colaboradora do proxecto de dinamización lingüística e o fomento do uso do galego.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Libro de texto "Lingua Galega e Literatura 2º ESO", Celia Díaz Núñez; Miriam González Iglesias; Celia Parra Díaz, na Editorial Anaya.2022 |
| López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións |
| Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais |
| Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital. |
| Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG |

| |
|--|
| Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais |
| Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais |
| Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións |
| Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais |
| Méndez Álvarez, M ^a Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais |
| Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/ |
| Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais |
| Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora |
| Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo |
| Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia |
| Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais |
| Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais |
| Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega |
| Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais |
| A historia da Banda Deseñada galega (http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710) |
| Vilgrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona:Teide |
| Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/ |
| Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/ |
| Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega |
| Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg |
| Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/ |

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o centro dispón de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: aula virtual, dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da lingua galega, Portal das palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Ademais, débese contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación axeitada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, constará dos seguintes apartados:

- Proba mixta de contidos: exercicios de gramática e ortografía.
- Comprensión lectora: O alumnado deberá responder, a partir dun texto de nivel 1º de ESO.
- Comprensión oral: O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
 - Produción oral: O alumnado realizará intervencións orais improvisadas, planificadas ou lecturas a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
 - Produción escrita: O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 11 | 11 | 11 | 12 | 11 | 11 | 11 | 11 | 100 |
| Proba escrita | 65 | 90 | 63 | 64 | 75 | 55 | 63 | 60 | 92 | 70 |
| Táboa de indicadores | 35 | 10 | 37 | 36 | 25 | 45 | 37 | 40 | 8 | 30 |

Criterios de cualificación:

Tal e como indica o artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 ao longo do curso realizaranse tres avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo cos momentos fixados pola xefatura de estudos, habitualmente coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto suporá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino-aprendizaxe e, conseguintemente, a elaboración de propostas de mellora.

Probas escritas:

a) Proba mixta: 60%

b) Proba de libro de lectura: 10%

Táboas de indicadores:

c) Traballo individual: 20%

d) Traballo de clase: 10%

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

AS PROBAS ESCRITAS

En cada avaliación facemos dous tipos de probas:

Probas mixtas: Son probas para a valoración da adquisición de coñecementos e habilidades lingüísticas, literarias,

sociolingüísticas e históricas que se concentran nas unidades didácticas que supoñen un valor da nota da avaliación do 60%. Faranse entre unha e tres, preferentemente dúas probas obxectivas por cada avaliación.

- É necesario ter unha nota mínima de 3,5 sobre 10 (35%) para que faga media co apartado
- O alumnado que non acade o 3,5 % no primeiro parcial poderá recuperalo no segundo con exercicios complementarios destinados a tal efecto.

Proba de lectura: É unha proba para a valoración da comprensión lectora da obra, adquisición de léxico, análise do xénero literario da obra escollida polo autor que supón un valor da nota da avaliación do 10%.

AS TÁBOAS DE INDICADORES

O traballo individual: Cada avaliación alumno realizará un traballo de carácter individual ou grupal sobre temática galega (literatura, persoeiros, monumentos, poemas, cancións, mitos, lendas ou sucesos históricos relevantes) dentro dunha selección proposta polo profesor e as veces polos propios alumnos que supoñen un valor da nota da avaliación do 20%.

- o Investigación académica e expresión escrita: 10%
- o Expresión oral: 10%

En caso de non acadar o 50% no valor global do traballo o alumno pode repetir o traballo.

Os traballo de clase: Neste epígrafe deixamos constancia da forma máis obxectiva posible do traballo diario do alumno cun valor do 10% da nota da avaliación. O conxunto de actividades que se toman como referencia para este apartado para as que se fixarán prazos e espazos de entrega (Aula virtual) para facilitar a presentación das tarefas. Tarefas que detallamos a continuación:

- Os exercicios propostos para o traballo autónomo do alumno, indicador do traballo constante.
- Os exercicios propostos para facer a través da Aula Virtual,, indicador do traballo constante.
- O foro da Aula Virtual, como indicador de participación na materia.
- A ficha de lectura.
- A entrega do traballo individual (como indicador da realización do traballo, non como valorador do mesmo que se fai no epígrafe anterior).
- O caderno do alumno, como mostra do traballo diario e indicador das técnicas de traballo, sistema de estudo e dedicación á materia.

A ORTOGRAFÍA

Nestas probas establecerase unha penalización máxima por erros de carácter ortográfico, de puntuación e de presentación no uso da lingua dun 20% do valor de cada proba.

Aos alumnos con necesidades educativas especiais ou con situación excepcionais avaladas polo departamento de Orientación e/ou a titoría da clase se lles aplicará as compensación pertinentes en cada caso, conforme aos protocolos establecidos polo centro e pola Consellería de Educación.

A NOTA POR AVALIACIÓN

A nota final de cada avaliación será a suma das porcentaxes dos apartados a), b), c) e d) e nela poñeráselle ao alumnado unha nota numérica de 1 a 10. A nota mínima para aprobar calquera avaliación é o 50% do valor (5 puntos de 10), con todo aplicarase as seguintes puntualizacións:

- Só se aplicará o redondeo matemático (alza ao seguinte número enteiro cando o decimal sexa igual ou superior a 5), cando o alumno ou alumna teña acadado no apartado de traballo individual mínimo consecución igual ou superior ao 80% ao longo do trimestre.
- Todos os alumnos teñen a posibilidade de subir a nota da avaliación dun 5% (0,5 de 10) cunha ficha de lectura dunha obra de lectura complementaria.

A NOTA POR FINAL

O o cálculo da nota final será carácter progresivo, valorando a evolución do traballo do alumno sempre que o alumno en cada unha das partes se obteña un valor igual ou superior ao 40% (4 sobre o 10), aplicando os seguintes valores sempre que o alumno:

- 1º trimestre: 25%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 40%

A suma destas porcentaxes constitúe a nota final. A nota mínima para aprobar calquera avaliación é o 50% do valor (5 puntos de 10). O alumnado que non acade o mínimo de consecución xeral 50% pode recuperar os contidos da ou das avaliacións suspensas nunha recuperación final na que o alumno recupera as avaliación que ten suspensas.

Criterios de recuperación:

O sistema de recuperación é do mesmo xeito que o de avaliación progresivo, ten lugar en diferentes momentos do curso, como explicamos nos criterios de valoración. De todos modos os resumimos neste apartado:

Antes da avaliación, coa finalidade de que o alumno acade o 50% sen aumentar considerablemente o volume de traballo:

- O alumno pode recuperar os 1º parcial con exercicios complementarios no 2º parcial da avaliación
- O alumno pode repetir o traballo en caso de non acadar o 50% do mínimo de consecución.
- O alumno pode subir nota un 5% do valor da avaliación (0,5 de 10) cunha lectura complementaria.

Despois da avaliación se o alumno non acada o 50% do mínimo de consecución nalgunha avaliación, terá que facer exercicios de reforzo correspondentes a para mellorar na adquisición de contidos e habilidades, que van ser considerado traballo de clase na nota final para a aplicación do redondeo se for preciso.

Na avaliación final, se o alumno non acada o 50% do mínimo de consecución polo cálculo establecido no epígrafe anterior, o alumno pode recuperar as partes suspensas nunha recuperación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o/a alumno/a deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación.

O alumnado, guiado polo docente, irá elaborando e traballando as preguntas e exercicios correspondentes a cada trimestre e realizará unha proba escrita trimestral segundo convocatoria oficial marcada en data polo centro. A nota da avaliación será o resultado da ponderación do 50% o exercicio escrito e 50% o traballo presentado e implicación do alumnado nas tarefas que se lle encomendan que será cuantificado segundo rúbricas:

Nota da avaliación = 50% Proba mixta + 50% Traballo

A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter o ámbito aprobado. Establécese un sistema de redondeo tendo en conta que se o decimal é superior a 5 será á alza e será á baixa cando o decimal sexa inferior a 5. Se non aprobara o exame, realizaríase unha recuperación segundo estableza o docente.

A nota final de curso da materia pendente será o resultado da media dos exames escritos realizados durante o curso, polo tanto:

Nota final de curso: Media aritmética das notas das 3 avaliacións. (33.3% 1ª av. + 33.3% da 2ª av. + 33.3 da 3ª av.)

No caso de ser negativa, deberá presentarse á proba extraordinaria establecida polo centro.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darlles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de

maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado". A partir da avaliación inicial, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
- g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, se for precisa a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE. Por regra xeral, os programas de enriquecemento curricular deberán realizarse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado a/o estudante con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

Para os dous alumnos con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola Inspección Educativa, o procedemento para a súa elaboración (Orde do 8 de setembro de 2021), será o seguinte:

- a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.
- b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e a materia para adaptar. A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.
- c) Elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, se for o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEAE. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

Será competencia da xefatura do Departamento de Orientación conformar o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da citada Orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes de finalizar o mes de novembro, excepto no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización. Formarán

parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e de acordo cos criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

A información sobre as avaliacións que se lles facilite ás familias reflectirá as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións propostas será dun curso.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito, logo de remitir a solicitude correspondente, a que o centro lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada.

As ACS destes dous alumnos adaptaránselles os contidos e os criterios de avaliación. Reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comunicación audiovisual | | | | | | | | X |
| ET.2 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Emprendemento social e empresarial | | X | X | | | | | X |
| ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | X | X | | | |
| ET.5 - Educación emocional e en valores | | | | X | | | | |
| ET.6 - Igualdade de xénero | X | | | X | X | | | |
| ET.7 - Creatividade | | | | X | | | | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comunicación audiovisual | X |
| ET.2 - Competencia dixital | X |
| ET.3 - Emprendemento social e empresarial | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico | |
| ET.5 - Educación emocional e en valores | |
| ET.6 - Igualdade de xénero | |
| ET.7 - Creatividade | X |

Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia, o Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos. En particular, o estudo da traxectoria e da obra literaria da autora dos Cantares gallegos e o achegamento á sociedade e á literatura medievals facilitarán, por exemplo, a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

A organización da materia procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, etc.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Club de lectura | Actividade que consiste na elaboración de diversos grupos de lecturas que logo teñen reunións para facer coloquios e debates sobre as lecturas. | X | X | X |
| Celebración das Letras Galegas | Conxunto de actividades dirixidas a conmemoración das Letras Galegas. | | | X |
| Festas tradicionais | Seguiremos traballando arredor da nosa tradición: samaín, entroido), etc. | X | X | X |

Observacións:

No noso centro organízanse cada curso actividades variadas ao longo de todo o ano: actos, premios, concursos, actividades lúdicas, deportivas, culturais... que permiten dinamizar a continuidade das aulas. O Departamento de Lingua galega e Literatura colabora en moitas delas, nomeadamente nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística, así coma nas da Biblioteca (Hora de ler...), mais tamén programa outras actividades para completar e mellorar a formación persoal e académica dos alumnos e asemade a competencia lingüística e as habilidades sociais, atendendo así os criterios de transversalidade e interacción co medio.

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das cinco en todo o curso, unha ou dúas por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou das/os titoras/es legais e deberán figurar na PXA do centro.

Con todo as actividades están en continua revisión e pode aumentar ao longo do curso e será recollido na memoria correspondente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos |
| Adecuación da secuenciación dos contidos para cada unha das unidades, temas ou proxectos. |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación. |
| Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación. |
| Vinculación de cada criterio de avaliación a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios de avaliación. |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. |
| Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada criterio de avaliación. |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación. |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE |
| Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento |

Descrición:

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso. A principios de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da Programación que se consideren, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará. Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do seu desenvolvemento. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da Programación será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a

Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

9. Outros apartados

1. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E COA BIBLIOTECA

O noso departamento asume as actuacións á promoción da lectura a través do Plan lector do centro e coa colaboración coa biblioteca do centro, integrándose nas actuacións de fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Dentro das actividades que promove o Plan lector de centro, participaremos nas seguintes: hora de lectura, club de lectura e convocatoria de concursos para promover o emprego da lingua galega.